

CONCELLO DE VIGO
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente nº : 305/143
CONTA XERAL ANO 2024


PROPSTA á Comisión Especial de Contas

Unha vez formada a Conta Xeral correspondente ao Orzamento do ano 2024, e rendida polo Excelentísimo Sr. Alcalde-Presidente por Resolución do 6 de maio de 2025, ao obxecto de dar cumprimento aos requisitos previstos no artigo 212 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, propónse a Comisión Especial de Contas, a adopción do seguinte ditame:

- a) Traspasar a resultados pendentes de aplicación, o saldo debedor ou acredor en cada caso da conta 129 (Resultados do exercicio 2023), correspondente á Entidade Local, saldo acredor 36.625.275,30 euros e Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, saldo acredor 6.177.368,93 euros, á conta 120 (Resultados de Exercicios anteriores).
- b) Aprobar a dotación de amortizacións na Entidade por unha contía de 7.479.937,44 euros e 7.527.712,61 euros nos estados consolidados.
- c) En aplicación do previsto na Base 54ª das de Execución do Orzamento, aprobar a dotación a saldos de dereitos de difícil recadación por unha contía de 36.596.338,42 euros na Entidade é 38.227.538,26 euros para os estados consolidados.
- d) Ditaminar a Conta Xeral do Excmo. Concello de Vigo, integrada pola Conta da Entidade e a do seu Organismo Autónomo, Xerencia Municipal de Urbanismo correspondente ao ano 2024, composta polos seguintes estados e contas anuais:
 - Balance.
 - Conta de resultado económico-patrimonial.
 - Estado de cambios no Patrimonio Neto.
 - Estado de fluxos de efectivo.
 - Estado de liquidación do Orzamento e a Memoria e demais estados complementarios.
 - Memoria, coa desagregación que establece Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local e coas explicacións e comentarios máis salientables dos feitos contables, financeiros e patrimoniais que aconteceron ao longo do ano 2024.
 - Os estados cosolidados do grupo de consolidación de acordo ao previsto no na Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade Orzamentaria e sostibilidade financeira que serán enviados ao Consello de Contas de Galicia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2025 11:12	Páxina 1 de 2
305-143	CSV: A2A3EB-E9CAC7-57C24F-BPYPM1-62T7AY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente nº : 305/143
CONTA XERAL ANO 2024

- e) Unha vez ditaminada, someter a mesma aos requisitos de publicidade e demais trámites que esixe o art. 212.3, e 4 do TRLRFL e a Lei galega.

De non presentarse reclamación algunha perante o período de exposición, polo Sr. Secretario da Comisión, previa certificación que acredite o anterior, se remitirá á Secretaría do Pleno todo o expediente para a súa inclusión na orde do día do Pleno para a súa aprobación, e posterior remisión ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia antes do 15 de outubro, data prevista no artigo 223 do TRLRFL. De terse recibido reclamación durante o prazo establecido, se informarán, e a Comisión Especial de Contas, formulará proposta ao Pleno da Corporación para a súa aprobación antes do día 1 de outubro.

A remisión ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia, farase segundo a Instrución que regula a rendición telemática da Conta Xeral das Entidades Locais e o formato da devandita conta, a partir da correspondente ao exercicio 2015. TEXTO CONSOLIDADO aprobado polo Pleno do Tribunal de Contas o 16 de decembro de 2019. Aplicable á rendición das Contas Xerais a partir das correspondentes ao exercicio 2019.

Resolución de 15 de xaneiro de 2020, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o Acordo do Pleno de 19 de decembro de 2019, polo que se modifica a Instrución que regula a rendición telemática da Conta Xeral das Entidades Locais e o formato da devandita conta, a partir da correspondente ao exercicio 2015, aprobada por Acordo do Pleno de 26 de novembro de 2015. (B.O.E. núm. 15, de 17 de xaneiro de 2020).

Instrución que regula a rendición telemática da Conta Xeral das Entidades Locais e o formato da devandita conta, a partir da correspondente ao exercicio 2015.

Instrución que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición de contas (aplicable para as Contas correspondentes ao exercicio 2014 e anteriores).

LG/

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O Tesoureiro e Director Superior Contable e Orzamentación: Luis García Alvarez

O Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira
Delegación da Área, Resolución Xenérica da Alcaldía de 28 de xuño de 2024 e corrección erros do 1 de xullo, publicada no BOPPO nº 134 de 10 de xullo, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 28 de xuño de 2024, publicada no BOPPO nº 134 do 10 de xullo de 2024.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2025 11:12	Páxina 2 de 2
305-143	CSV: A2A3EB-E9CAC7-57C24F-BPYPM1-62T7AY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		